

Honor, intimidad e imagen de las personas famosas

Aurelia María Romero Coloma

Madrid: Civitas, 2001

Na sociedade actual, son moitos os que se preguntan se, coa enorme divulgación da chamada «prensa do corazón» no noso país, existe ou é defendible un dereito á intimidade, á honra e á imaxe das persoas famosas, tal como o predicamos doutras persoas non coñecidas e sen pública notoriedade.

Esta obra presenta esta problemática, en conexión coas liberdades de expresión e información que o noso ordenamento xurídico-constitucional protexe e garante. O contraste e a continua oposición duns e doutros dereitos –intimidade, honra e imaxe, dun lado, e liberdades de expresión e información, doutro– é constante e deberá se-lo xurista o que intente buscar unha solución harmónica e práctica para todos aqueles conflitos que poden e adoitan presentarse.

Chégase á conclusión, por parte da autora, de que existe e é defendible un dereito á intimidade, á honra e á imaxe desas persoas de relevante ou coñecida proxección social e pública. Pero tamén desde esta obra se ten en conta que nunca será defendible o que a autora chama «a protección hipócrita da intimidade, a honra ou a imaxe» desas persoas.

Esta obra pon de manifesto que as liberdades de expresión e información son un elemento esencial na nosa moderna sociedade, un dos valores máis preciosos do ser humano, ademais de ser un dereito recoñecido e garantido pola Cons-

titución. Mais, ¿a costa de que se conseguiu elevar á información a esta categoría? ¿Onde queda o dereito á intimidade das persoas famosas?

¿Que é o dereito á intimidade? Debemos partir da idea de que é un dereito da persoa, elevado á categoría de fundamental pola Constitución. Analiza esta obra unha serie de definicións dadas pola doutrina e pola xurisprudencia sobre este dereito, e pódese dicir que teñen en común a nota de reserva e en ocasións, do secreto. Formulouse a autora un interrogante: ¿é a intimidade un dereito de propiedade ou un dereito da personalidade? Desde o seu punto de vista, ó se-la intimidade un dereito esencial da persoa, é un dereito da personalidade e non forma parte da esencia física da persoa, senón que é unha calidade moral. A intimidade é unha condición indispensable da liberdade da persoa, tanto no plano individual coma no social.

Fixo referencia ó dereito á intimidade das persoas famosas fronte ó dereito á información. Hoxe en día ninguén discute o dereito á información a nivel teórico. En relación co contido do dereito á información, o suxeito pode asumir unha actitude activa, investigando ou difundindo feitos, ou ben pasiva, consistente en recibir. O dereito do cidadán á información, no sentido do dereito á noticia, tanto para buscala como para recibila ou difundila, esixe unhas condicións coas que se pode evita-la corrupción, a deshonestidade. En primeiro lugar, a noticia ten que ser verdadeira, é dicir, o profesional ten que informar sobre feitos certos, contrastados coa realidade, e nunca falsea-la noticia ou deformala de modo que o seu contido apareza desvirtuado.

Unha noticia, sexa cal sexa, e relacionada coas persoas famosas, debe referirse a feitos relevantes e que teñan unha certa transcendencia ou importancia no ámbito social. Pregúntase a autora se difundir feitos íntimos dos famosos ten esta transcendencia. Evidentemente á sociedade, ou ó menos a certo sector dela, interésanlle esas noticias da prensa do corazón. ¿Por que? Hai moitas teorías ó respecto, pero, sen dúbida, a que cobra maior importancia é a que sostén que cando a unha persoa lle interesa a intimidade doutra é porque a súa propia vida é pobre en emocións, sentimentos e sensacións e necesita coñecer detalles da vida dos demais para colmar ou paliar, no posible, ese baleiro interior.

Os feitos e datos sobre a vida privada allea non deben constituír materia de información, debido a que só atinxen ó suxeito afectado e o seu coñecemento non é preciso para o ben colectivo.

Ante todo e como principio, débese respecta-la reputación de cada persoa e non se deben publicar informacións nin comentarios sobre a vida privada dos famosos que poidan ser prexudiciais para a súa reputación. Unha forma de atentar contra o dereito á tranquilidade individual constitúena os asedios que, especialmente a persoas famosas ou de vida pública destacada, realizan aqueles profesionais ansiosos de satisfacer a curiosidade que espertan en determinados ámbitos da nosa sociedade as intimidades daquelas, a súa vida privada, os seus trapos sucios.

O dereito á información inclúe o de recibir informacións e opinións e tamén a posibilidade de negarse a recibilas. A persoa humana ten dereito a recibir informacións e a seleccionar, positiva e negativamente, aquela información ou grupo de informacións, aquela opinión ou aquel grupo de opinións que lle satisfagan máis ou menos plenamente. A liberdade de informar esixe a liberdade dos medios de expresión.

Existe un conflito entre dous intereses contrarios: a liberdade de información ou expresión, entendidas no seu sentido máis amplo, e o interese que toda persoa ten en salvagarda-la súa intimidade. Non obstante, hai persoas famosas que non parecen ter ese interese por protexe-la súa intimidade, a súa vida privada. Mais a opinión da autora é que a persoa famosa non deixa nunca de ser persoa, recuperando todo o seu dereito á intimidade cando se reclúe na súa vida privada e invoca, de maneira expresa e implícitamente o seu dereito á soidade. Recalcou que resulta inadmisíbel a divulgación da vida privada dunha persoa, famosa ou non, cando incida no meramente murmurador ou na manipulación interesada da persoa afectada.

Polo tanto, o periodista poderá recoller noticias de carácter privado, pero que teñan un interese social. O que non deberá, en ningún caso, é ofertarlle á sociedade noticias que danen a esfera da reserva privada, aínda que se trate de persoas famosas.

O conflito dereito á intimidade –dereito á información e viceversa é un dos máis fundamentais dos presentados na nosa sociedade. Un problema é o que se presenta entre a prensa e a liberdade de informar fronte ó dereito á intimidade das persoas famosas. A cuestión primordial é harmonizar ambos tipos de intereses: o público, á información; o privado, á intimidade.

O dereito á información deixa de existir no momento en que se viola a esfera da intimidade das persoas. Pero, en calquera caso, hai que rexeita-lo dereito a unha protección hipócrita da intimidade. Isto pasa con aquelas persoas que teñen a necesidade profesional de notoriedade e búscana de tal maneira que elas mesmas procuran e fomentan a aparición de feitos no ámbito da súa intimidade. Trátase desas persoas que de firme, queren ser famosas, sen importár-lle-lo cómo.

Hoxe en día é evidente que o dereito á difusión ou comunicación de noticias é tan forte que explica que a liberdade de expresión se confundira co dereito mesmo á información e que sexa a única facultade que proclaman algunhas declaracións nacionais de dereitos.

Ademais o dereito á investigación debe entenderse como a facultade atribuída ós profesionais da información, ós medios informativos en xeral e ó público, de acceder directamente ás fontes das informacións e das opinións, e obter unhas e outras sen ningún límite xeral.

¿Ten límites o dereito á información? A intimidade privada é o grande límite do dereito á información e á liberdade de informar. A información lesiona o dereito á intimidade privada en todos aqueles casos en que se poñen no coñece-

mento público feitos ou circunstancias da vida dunha persoa ou do seu ambiente privado que quixo manter reservado. Se pensamos nos personaxes famosos, nas persoas públicas, comprendemos que calquera político ou artista ou actor son vítimas apetecidas e, con frecuencia, sacrificadas á curiosidade e mal gusto públicos, polos que utilizan os medios de comunicación social como medios de deformación social. Aquí atopámonos na polémica cuestión de se estas persoas que gozan de notoriedade pública poden ou non esixi-lo respecto á súa vida privada en canto dereito que o propio ordenamento xurídico lles recoñece e ampara. A persoa famosa non deixa de ser unha persoa, e non pode negárselle o seu dereito á intimidade.

A veracidade da noticia, que é un límite á liberdade de información, debe poñerse en relación harmónica co xeito en que se obtivo esa noticia. Se expresamente hai un desexo por parte do personaxe famoso de que os terceiros non se metan nas súas intimidades, o xornalista non debe exceder ese límite, baseando esta postura en que interesa ó público, á sociedade, aquel determinado feito concernente a esa persoa.

A colisión sitúase entre a divulgación dun feito da vida privada de alguén, dun lado, e a liberdade de informar sobre ese feito, doutro. O conflito adoita darse na publicación de noticias que afectan á vida privada dun personaxe famoso cun afán sensacionalista ou meramente murmurador e con afán manipulador da personalidade humana. A doutrina máis xeralizada estimou que no caso de conflito entre o dereito á vida privada e os dereitos de informar e ser informado, debe recoñecerse a superioridade destes últimos. Sen embargo, estima a autora que para que esa superioridade poida ser efectiva, será necesario que o dereito de información se exercite conforme ós seus fins e dentro das esixencias que lle impón a súa propia natureza.

Un límite esencial é a veracidade. Toda noticia que falte á verdade é deshonesta, non cumprindo coa finalidade primordial de informar ó público, senón inducendo a erros por un mal coñecemento das cousas, dos feitos. Tamén o interese social é un límite importante. Así, temos dous límites á liberdade de información: por un lado, a veracidade; por outro, conxuntamente coa esixencia da verdade, o interese social, o interese da colectividade, o interese público, en definitiva.

Por outra banda, un dos aspectos que gardaron sempre máis relación co dereito á intimidade é a imaxe ou o dereito á imaxe da persoa. Toda persoa ten dereito a que a súa imaxe non se reproduza de tal forma que a súa intimidade poida quedar prexudicada. Discutiuse moito sobre se este dereito é autónomo ou se é máis ben unha manifestación do dereito á intimidade. Se ben son dereitos autónomos, hai que recoñecer que se atopan en estreita relación e interdependencia. Toda persoa, incluso a famosa, ten dereito a que a súa imaxe non se reproduza de tal maneira que o seu ámbito de intimidade poida quedar prexudicado. Ademais o titular ten un dereito exclusivo de utilización e difusión do seu propio retrato. Mais, polo contrario, non é necesario o consentimento

cando a imaxe dunha persoa se reproduce nun lugar público. Xeralmente a toma de imaxes dunha persoa soe levar aparelada a súa exhibición, ben a outra persoa ou a un número reducido destas ou a un círculo moito máis amplo. Cando estas imaxes se obteñen indebidamente, aínda que non se exhiban ou difundan, o ataque á intimidade consumouse, posto que se está interferindo arbitrariamente na esfera privada.

Enlazou a autora co artigo 1.3 da Lei do 5 de maio de 1985, sobre protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, que establece que o dereito a honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe é irrenunciable, inalienable e imprescritible. Ademais non se apreciará a existencia de intromisión ilexítima no ámbito protexido cando estea expresamente autorizado por lei ou cando o titular do dereito outorgue para o efecto o seu consentimento expreso, que será revogable en calquera momento, pero haberán de indemnizarse os danos e perdas causados, incluíndo as expectativas xustificadas.

Outro problema en relación co consentimento é o relacionado cos menores de idade e incapacitados. A Lei do 82, en principio, permite que sexan os menores e incapaces os que presten, por eles mesmos, o consentimento, pero de acordo coas súas condicións de madurez e coa lexislación civil.

Dado o consentimento para a utilización da imaxe dun menor, mediante onerosidade, que será o máis frecuente, as ganancias derivadas da prestación da imaxe son propiedade do neno e non dos seus proxenitores, se ben estes consideraranse os donos. Ós pais tocaralles soamente a administración das ganancias, e poden destinar parte delas ó levantamento das cargas familiares. E, isto co conseguinte abuso, se é o caso, polo que, será o órgano xudicial o encargado de dicta-las oportunas disposicións para a seguridade, control e bo recadación do que pertence ó menor, evitándolle, en todo o posible, prexuízos. Esta solución, ó xuízo da autora, parécelle máis xusta que outorgarlles ós pais amplos poderes en torno ós dereitos derivados da comercialización da imaxe do menor ou incapaz e, en todo caso, é máis acorde cos postulados constitucionais.

Cabe preguntarse se as persoas famosas, coñecidas, teñen o dereito á súa imaxe –coma o dereito á súa intimidade privada– diminuído, dalgunha forma, ou reducido ou restrinxido, en base á súa proxección pública ou social. Neste sentido o artigo 8.2 da Lei do 82 dispón que o dereito á propia imaxe non impedirá a súa captación, reprodución ou publicación por calquera medio, cando se trate de persoas que exerzan un cargo público ou unha profesión de notoriedade ou proxección pública e a imaxe se capte durante un acto público ou en lugares abertos ó público. Neste suposto, estas persoas carecen da facultade de excluír a súa propia imaxe, en razón, ó lugar onde se atopen. Hai que entender esta exclusión sempre e cando as imaxes captadas non se refiran á vida privada da persoa retratada.

Outra excepción á intromisión ilexítima vén determinada pola caricatura das persoas populares, famosas ou notorias. A lei exceptúaa dicindo que de acordo

cos usos sociais, a utilización da caricatura non se considerará intromisión ilexítima. Esta excepción xustifícase polo sacrificio ou tributo que deben pagar estas persoas pola súa popularidade.

Con respecto á imaxe dunha persoa falecida, contamos cunha importante sentenza do Tribunal Constitucional do 2 de decembro de 1988, en relación co caso «Paquirri», que declarou que non pode ser obxecto de tutela en vía de amparo, xa que unha vez falecido o titular do ben desa personalidade, non existe xa un ámbito vital que protexer en canto verdadeiro obxecto do dereito fundamental, aínda cando puideran manterse os seus efectos patrimoniais.

Pasou despois a falar da honra e da intimidade. Hai que partir da base de que a honra é un dereito da personalidade independente do da vida privada. Todo ser humano ten dereito a ser tratado de maneira compatible coa súa dignidade, o cal ten unha manifestación directa e clara na estimación que sente por si mesmo e que espera dos demais.

En canto ás persoas famosas, notorias ou que gozan de proxección pública, hai que ter en conta que o seu dereito á honra ten que quedar tamén salvagardado. A liberdade de expresión e a liberdade de información, que tamén son dereitos fundamentais no noso país, non poden xustificar a atribución a unha persoa, identificada co seu nome e apelidos, ou dalgunha forma coa que a súa identificación non deixe lugar a dúbidas, de feitos que a fagan desmerecer do público aprecio e respecto, e esta conducta é reprobable, con independencia de cales sexan os usos sociais do momento, así como do ambiente en que esta persoa se desenvolva.

A autora procedeu despois a analizar algúns aspectos de interese para este estudo en relación co denominado segredo periodístico e a liberdade de información. A necesidade de salvagarda-la intimidade persoal fronte ás intromisións dunha información malévola, indiscreta ou meramente indesexada, é inherente á condición humana, calquera que sexa o medio co que tal introducción se fixese.

O tema do segredo periodístico é un dos que maior interese suscitou na polémica entre intimidade e liberdade de información. O segredo profesional é o deber do periodista de non revelar publicamente as fontes das informacións recibidas en confianza, e o dereito do periodista a negarse a revela-la identidade do autor da información o seu empresario, a terceiros ou ás autoridades públicas ou xudiciais. Mentres non se garanta o dereito ó segredo profesional, a esixencia de revelalo só pode partir do xuíz, en casos moi graves e cando do silencio se poida seguir danos a terceiros.

Polo que respecta ás personaxes públicas, o conflito seguirá existindo entre dous intereses contrarios ou opostos: a liberdade de información, entendida no seu máis amplo sentido, dun lado, e doutro o interese que ten toda persoa de salvagarda-la súa intimidade, o segredo da súa vida privada. O dereito á intimidade non é base para prohibi-la publicación dunha materia que fora de interese público en xeral. As materias que non deben ser publicadas son as que se refíren á vida privada, costumes, actos e relacións íntimas das persoas.

Hoxe en día, é frecuente observar como un tipo de periodismo agresivo está moi de moda, amparado pola coartada enganosa do dereito a informar, carece de mecanismos de inhibición ética e, facendo gala da insensibilidade, lesiona gravemente a intimidade dos famosos.

Na actualidade, a nosa Constitución recoñece e protexe, no artigo 20, unha serie de dereitos: expresar e difundir libremente os pensamentos, ideas e opinións mediante a palabra, o escrito ou calquera outro medio de reprodución..., así como comunicar ou recibir libremente información veraz por calquera medio de difusión. Como todo dereito ten que te-las súas limitacións ou restricións, xa que non é posible concibir un dereito que non respecte os dereitos e liberdades dos cidadáns. De aí que o dereito a expresar e difundir libremente os pensamentos, ideas e opinións a través de calquera medio teña, entre outros límites, o dereito á honra, á intimidade, á propia imaxe e á protección da xuventude e da infancia.

Debe puntualizarse que a liberdade de expresión non pode servir de pretexto, escusa ou causa de xustificación para atentarse contra os dereitos fundamentais das persoas, como o son o dereito á intimidade, o dereito á honra e á propia imaxe, porque, de facerse así, xa non estaríamos ante o exercicio da liberdade de expresión, senón ante un abuso dese exercicio, o cal é inadmisíbel. De aí que a lexitimidade das intromisións á honra e á intimidade persoal requiran que, non só a información, senón tamén o seu contido, se desenvolvan no marco do interese xeral do asunto a que se refire ou ó que, directamente, vai referido.

Neste momento a autora dixo que hai que distinguir con claridade os conceptos de información, expresión e opinión, e tentounos definir no libro.

¿Que significa que a información ten que ser veraz? A nosa Constitución recoñece e protexe a mensaxe ou a noticia verdadeira, ó facer referencia ó recoñecemento e tutela do dereito a comunicar e recibir libremente, por calquera medio, información veraz. Unha mensaxe informativa que non sexa verdadeira, que non sexa veraz, mal poderá merece-la calidade de información. Ó informador pódesele e débesele esixir que tenda a reflectir os feitos, a narra-los acontecementos, tal como eses feitos sexan, intentando transmitir ó público a realidade que captou. Parece que tódolos autores están de acordo no que é o estilo persuasivo, á hora de dar unha noticia ou, noutras palabras, unha liberdade de información que se escude na persuasión, no intento, desmesurado ás veces, de convence-lo público, non cumpre o requisito esixido pola nosa Constitución, consistente en que a información, para estar protexida, ten que ser veraz. Unha información que só pretenda, por parte do profesional da comunicación social, ser persuasiva non pode afirmarse que sexa veraz.

Pensa a autora, e así o reflectiu no seu libro, que todos aspiramos ó coñecemento da verdade. O problema principal radica en qué é ese valor, en qué consiste, cómo se acada. Non se lle pode esixir a ningún periodista un axioma que non é factíbel sequera esixilo a ningún dos membros que compoñen a nosa sociedade. Non se trata de esixirlle ó periodista a estrícta e absoluta adecuación

á verdade, cando narra unha noticia, describe un suceso ou relata un feito. Tam pouco se trata de eliminar, de forma radical e completa, a súa liberdade de expresión non permitiéndolle introducir, no propio relato, as súas matizacións persoais, as súas impresións, a súa reacción ante o que está contando. Trátase, en definitiva, de que o periodista se apoie en feitos que sexan verdadeiros, non inventados, non recreados ó seu antollo, matizándoos coas súas ideas, opinións, pensamentos e xuízos de valor. Nin os pensamentos, nin as ideas, nin as opinións, nin os xuízos de valor teñen que ser veraces. Téñense ou non se teñen. Tanto as opinións, coma as ideas, os pensamentos e os xuízos de valor son libres e non precisan, para o seu recoñecemento, de ningún requisito ou esixencia ulterior ou coetánea, xa que só deben apoiarse na liberdade daquel que as exerce. Con razón o artigo 1 da Constitución consagra como un dos principios do noso ordenamento xurídico, a liberdade e, xunto a esta, o pluralismo. Non obstante, os feitos nos que se apoiem as opinións, ideas, pensamentos e/ou xuízos de valor deben ser certos, non falsos. Por iso, non se pode afirmar que as liberdades sexan absolutas, senón que sempre haberá algún límite ou limitación para o seu exercicio.

É obvio que ó profesional da información se lle vai esixir unha deontoloxía, un código de valores, aínda que hoxe en día asistimos ó triste espectáculo de periodistas enzañados en relatar feitos que non transcenden en ningún sentido á esfera do interese da sociedade e que non constitúen máis que materia de faladurías, co conseguente ataque, descarado, en ocasións, ós dereitos á intimidade, á honra e á propia imaxe dos afectados.

Desde o punto de vista da autora, toda información debe ser, ante todo, obxectiva, pero dándolle a este termo o alcance relativo que lle confire o feito de que toda noticia é sempre o produto, o resultado, a consecuencia, dun xuízo. Non é unha verdade absoluta. Nin o informador é unha testemuña imparcial, nin o público quere recibila noticia como un feito frío ou incoherente, desprovisto de impresións persoais. O periodista conta cun público disposto a acepta-lo que se lle dá, sen preocuparse por saber se é imparcial, tendencioso, incompleto ou inexacto.

A verdade periodística non ten que ser considerada unha quimera, nin tam pouco un dogma, senón que é o resultado dun esforzo colectivo, no que participan, desde os seus postos respectivos, os que proporcionan, os que presentan e os que reciben as noticias. Sempre existirá o risco do erro nunha noticia. De aí que a obxectividade que se lle esixe ó periodista non consista na total adecuación ó feito que narra ou relata, senón na súa honestidade á hora de difundila mensaxe informativa.

Hai que esixirlle ó profesional da información que narre os acontecementos, que difunda a noticia e que capte a realidade tal como é, sen o fácil e tentador recurso ó sensacionalismo ou á esaxeración, chegando, en ocasións, á manipulación arbitraria e interesada das persoas. Naturalmente, en materia informativa, hai que admitir un certo grado de subxectivismo. Constitúe, por tanto, a

veracidade o límite interno á liberdade de información, pois as informacións só se van ver lexitimadas, é dicir, recoñecidas e protexidas, se son veraces.

Doutro lado, sabemos que a verdade absoluta é, en ocasións, imposible de probar e incluso de atopar. Por iso, para paliar estes inconvenientes e dar vía libre á información, intentáronse buscar solucións. Entre estas atopouse unha particularmente interesante: trátase de esixirlle ó profesional da información unha actitude positiva cara á verdade, de maneira que poida probar que intentou atopala mesma, referida ós feitos que narra ou dos cales informan, de forma dilixente e razoable, esgotando as fontes dispoñibles.

O que se está a protexer no texto constitucional é a honestidade e a honradez á hora de busca-la noticia, de divulgala e expresala, todo iso dentro do marco da liberdade de expresión que temos os cidadáns e que a propia Constitución garante e protexe, sen acudir ó lareta, escabroso e morboso ou á manipulación interesada e deformadora da personalidade de terceiros. A Constitución protexe ó periodista «limpo» nas súas manifestacións, no libre desenvolvemento da información.

O límite interno da liberdade de información, referido ás opinións, debe concretarse no respecto ós dereitos, á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, así como todo o conglomerado que supón a dignidade da persoa humana e a protección da xuventude e da infancia.

Pódese afirmar que o requisito da veracidade é esixible unicamente cando o que se exercita é a liberdade de información, pero non para a liberdade de expresión, xa que esta versa sobre ideas, opinións, pensamentos e/ou xuízos de valor, dos que, nunha sociedade como a nosa, plural e democrática, non pode predicarse a súa veracidade ou falsidade, se é o caso. A veracidade ten eficacia lexitimadora da liberdade de información cando a intromisión ou o ataque se produce no dereito á honra, pero non cando está referido ó dereito á intimidade, respecto do cal o único criterio lexitimador constitúe a relevancia pública da información.

A importancia que adquiriron hoxe en día os medios de comunicación social e a gran utilización de que son obxecto polo seu poder de difusión das noticias é evidente. Pero estes instrumentos poden chegar a converterse en perigosos segundo a causa á que sirvan. Toda noticia que falte á verdade minimamente esixible é deshonesto, ó non cumprir coa finalidade primordial de informar ó público, senón que induce a erros por un mal coñecemento dos feitos, ben sexa de maneira tendenciosa, a sabendas, ou de modo inconsciente, sen propósito de mendicidade.

Nesta obra atopamos tamén unha referencia importante á liberdade de información e á publicidade dos xuízos e ás súas colisións cos dereitos á intimidade, honra e propia imaxe. Todo iso acompañado cun bo repertorio de xurisprudencia sobre o tema.

O artigo 24 da Constitución garante o denominado dereito a un proceso público. Noutras palabras, trátase da publicidade dos xuízos. Na actualidade, con-

sidérase que sen publicidade non hai xustiza posible. A recta administración de xustiza esixe e require necesariamente a publicidade. Non obstante, a publicidade dos xuízos en España trouxo consigo unha boa dose de polémica porque os conflitos puxéronse de manifesto a través de dúas posturas antagónicas: a publicidade dos xuízos, dun lado, cos conseguíntes dereitos ás liberdades de expresión e información e, doutro, os dereitos á honra, á intimidade e á propia imaxe das persoas afectadas, especialmente con ocasión dos chamados «xuízos paralelos».

A cuestión céntrase en compatibiliza-la publicidade do proceso co dereito a un xuízo xusto. O dereito á publicidade dos procesos presenta, no noso país, a polémica en canto á prensa e á liberdade dos profesionais da información de difundir noticias referidas a feitos que teñan a súa orixe nun proceso en curso, cando eses feitos veñan referidos a procesos nos que interveñen personaxes famosos ou que gozan de proxección pública ou social. Neste sentido, a liberdade de prensa non pode ser absoluta, ten que respectar uns límites; de aí que tanto o público coma os periodistas poidan ser excluídos da totalidade ou de parte dos xuízos por consideracións de moralidade, de orde público ou de seguridade nacional na nosa sociedade democrática, ou cando así o esixa o interese da vida privada das partes afectadas, a súa honra e/ou a súa imaxe, ou na medida estritamente necesaria en opinión do tribunal ou cando, por circunstancias especiais do asunto, a publicidade puidera prexudica-los intereses da xustiza.

Ábrese paso á tese de limita-la publicidade en tanto esta prexudique a imparcialidade do órgano xudicial e a limpeza do proceso.

Desde o punto de vista da autora, hai que defende-la presenza dos profesionais da información nos xuízos, aínda que sempre esixíndolles rigor e seriedade nas súas informacións, evitando prexuizos para as partes implicadas nos procesos, en especial para as vítimas de delitos, para os seus familiares e incluso para os terceiros. É importante que o cidadán saiba cómo se investiga, pero a busca da noticia polo periodista debe facerse sempre baixo o crisol da veracidade e nunca do sensacionalismo. Deste modo, a sociedade poderá tomar coñecemento de cómo se administra a xustiza.

A relación dos feitos delictuosos, cando se trata de procesos penais, realizada polo periodista só se xustifica para afirma-los valores sociais ofendidos e advertir á opinión pública dos perigos que derivan á comunidade do comportamento de determinados individuos ou grupos. Unha vez aberto o procedemento penal, o dereito á información implica a facultade de comentar e critica-los resultados das indagacións policiais e xudiciais, pero cunha crítica constructiva e sen interferir na administración de xustiza, nin viola-la intimidade, a honra ou a imaxe das persoas afectadas ou das súas familias. A cuestión fundamental radica en harmonizar ambos tipos de intereses: o dereito do público, da sociedade á información, dun lado e, os dereitos á honra, á intimidade e á imaxe das persoas.

No noso país, na actualidade, si estarían xustificadas informacións referidas á vida privada das persoas famosas, a causa dese esvaeceamento do seu dereito

á intimidade. Débese incidir en que a prensa do corazón lexitima intromisións na vida das persoas, e especialmente na daquelas que pasan unha gran parte da súa existencia publicando e sacando á luz datos sobre elas e sobre as súas intimidades. Máis tarde, reaccionan demandando indemnizacións –en moitos casos abusivas– porque estiman que o seu dereito á intimidade foi violado. É o momento de preguntarse ¿que dereito á intimidade teñen estas persoas que gustan de contarlle á prensa as súas intimidades, se elas mesmas, coa súa actitude, fan abandono deste fundamental dereito? ¿Que sentido ten reclamar indemnizacións nestes casos xa que supón ir contra os seus propios actos?

Existe unha área na que o dereito á intimidade se vai ver afectado, e é na narración dos feitos relativos ó ámbito doméstico ou familiar das persoas famosas, propiciando tal fenómeno o elevado número de lectores, curiosos por coñecer-los detalles íntimos. As persoas públicas gozan do dereito á intimidade. A divulgación dos feitos privados dunha persoa, aínda que sexa pública, non ten xustificación posible, salvo nos casos nos que ela mesma consentira que os ditos feitos sexan publicados, sacados á luz. Sen esta escusa, non se pode invocar nin o interese xeral, nin debemos tampouco escusa-la indiscreción con base nun pretendido amor á verdade.

Rematou a autora facendo unha breve referencia a aquelas persoas que acadan notoriedade pública por feitos fortuítos e sen que a súa vontade se orientara previamente neste sentido. É o caso dos que, de maneira accidental, se vén envoltos en acontecementos que atraen a atención pública. Non se pode admitir para estas persoas o concepto de «persoas que fan noticia» e que se utiliza para xustificar invasións indebidas na vida privada. Hai que incidir aquí na postura de que a notoriedade accidental non ten efectos senón no referente ó feito mesmo que a orixinou e nunca en aspectos da vida privada do suxeito, a cal debe continuar amparada polas mesmas regras que protexen ás demais persoas.

M^a del Carmen Silva López

Avogada